

Propaganda Electoral



Entrevista a **Anxo Quintana**, Porta-voz Nacional do BNG



Anxo Quintana, Porta-voz Nacional do BNG

O BNG preséntanse como a única voz galega en Bruxelas. Que Europa quere o BNG?

A Europa que quer o BNG é unha Europa libre de especuladores. **A Europa que quer o BNG é a dos cidadáns e non a dos burócratas**, é unha Europa máis democrática e máis participativa, solidaria e aberta ao mundo, comprometida coa paz, a solidariedade internacional e o comercio xusto. Estas son as liñas mestras da idea que ten o BNG do que debe ser Europa, e desde Galiza o BNG poñera o seu gran de area para alcanzar eses obxectivos.

Moitas persoas pensan que estas eleccións non van con eles, que Bruxelas fica moi lonxe...

Moitas das políticas que executa Madrid, veñen deseñadas desde Bruxelas, alí decídese onde vai pescar a nosa frota, cantos euros imos ter para a alta velocidade, o futuro de Izar, as cotas do leite, etc. Esas son as cousas que votamos e das que temos a obriga de falarlle á xente nesta campaña electoral, o BNG fala de problemas concretos e solucións concretas para Galiza, e votar Bloque é a garantía para ter unha voz firme, forte e comprometida con Galiza na defensa dos intereses dos galegos e das galegas.

Logo das eleccións xerais estase a falar moito de reformas estatutarias. Que ten que dicir a isto o BNG?

Efectivamente, co cambio de goberno a nivel de Estado abriuse un novo ciclo político do que Galiza non pode quedar á marxe. O BNG poñerá todos os seus representantes políticos a traballar para conquistar que Galiza teña un novo Estatuto que reflecta o seu status de nación, ao mesmo nivel de Euskadi e de Catalunya. Neste sentido a alianza dos principais partidos das tres nacionalidades históricas do Estado Español nunha coaligación conxunta para estas eleccións Europeas vai máis alá da conxuntura electoral, o BNG, PNV e CiU, e dicir, GalEusCa, teñen por obxectivo ser a terceira forza política a nivel estatal co que, ante un diálogo para reformar os estatutos van ter que falar necesariamente con nós, os grandes partidos estatais, PSOE e PP, van a ter que falar con Galiza, Euskadi e Catalunya para a reforma dos seus respectivos estatutos.

Entrevista a **Camilo Nogueira**, candidato a Deputado do Parlamento Europeo

Un só deputado, no medio de centos de deputados e deputadas de distintos países, pode facer escoitar a súa voz no Parlamento Europeo?

A voz dun só deputado no parlamento europeo pode escoitarse máis que a doutro en calquera outra cámara legislativa do Estado español, isto seguramente debido á maior tradición democrática dos países que integran a Unión Europea. Un deputado ou deputada no Parlamento Europeo pode falar nos plenarios en debates de política xeral, pode pedir a palabra e falar libremente se se dispón do tempo necesario nas comisións ás que pertence e mesmo en comisións diferentes; pode facer, tamén, preguntas orais ao Consello e á Comisión; e, por suposto, pode emendar os textos legislativos ou políticos que se debatan no Parlamento Europeo.

Propaganda Electoral

Así que, como veredes, as posibilidades de que un Deputado erga a súa voz e se faga escoitar son moitas, no medio dos centos e centos de deputados e deputadas que integran o Parlamento Europeo, e a meirande parte das miñas intervencións tiñan como único obxectivo Galiza, iniciativas referentes ao benestar e ao desenvolvemento económico e social do noso país.



Camilo Nogueira no mitin da Estrada do día 29 de Maio

Podes indicarnos algunhas destas iniciativas?

Antes de nada quero dicirvos que como único deputado galego no Parlamento Europeo participei como membro de pleno dereito en catro comisións parlamentarias nos cinco últimos anos, todas elas de grande importancia para Galiza como a Comisión de Pesca, a Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural, a Comisión de Política Rexional, Transporte e Turismo e, por último, a Comisión de Asuntos Constitucionais.

Dito isto, direivos que as iniciativas que presentei e defendín no Parlamento Europeo foron diversas, entre elas quero destacar algunhas que vos collen moi de preto, como son os problemas medioambientais do río Ulla e Umia, tamén presentei iniciativas por mor das cuotas lácteas, da crise das vacas tolas, sobre a contía e aplicación dos Fondos Estruturais, sobre a reforma da Política Común de Pesca e da Agricultura, etc.

Como podedes apreciar son problemas que nos tocan (que vos tocan) moi perto, pero as súas solucións atópanse moi lonxe, por iso é necesario que o BNG estexa presente en todas as institucións onde haxa que defender os problemas de Galiza, e o Parlamento Europeo é un foro no que actualmente se deciden políticas vitais para o noso país.

Xa que nomeaches os Fondos Estruturais, gustaríanos saber como nos afecta a ampliación a 25 estados membros da Unión Europea nesta cuestión

Co ingreso na Unión Europea de doce novos Estados a principios do pasado mes de maio incrementaranse os desequilibrios interterritoriais, xurdindo problemas de cohesión moitos máis graves do que até o de agora. A maioría dos novos Estados membros están moi por debaixo en case todos os indicadores económicos, o

que quere dicir que os Fondos de Cohesión, que equivalen ao 0,50% do PIB comunitario e que se reducirá ao 0,32% a partir de 2006, haberaos que repartir entre máis países. Se isto fora pouco, ademais temos que ter en conta que dos Fondos de Cohesión, que recibe o Estado Español, Galiza só se destinan o 1,3% dos mesmos, cando a poboación galega representa o 12% do conxunto de comunidades autónomas do obxectivo número 1, que son as que perciben estes Fondos.

Tamén temos que ter en conta en que se gastan e como se gastan os fondos de cohesión, xa que é sabido que Irlanda, que a principios dos anos 90 partía dunha renda per cápita un **75% inferior á media** comunitaria, hoxe, e grazas ao eficaz aproveitamento das políticas de cohesión da UE, sitúase á cabeza da Unión Europea cun redimento por habitante dun **117,6%**.

Estes datos desgrazadamente non se dan na Galiza, e para iso o BNG no Parlamento Europeo **solicitará o incremento do 2% do PIB dos Fondos de Cohesión**; tamén reivindicará que os Fondos de Cohesión que correspondan a Galiza sexan xestionados polos galegos e galegas, é dicir, desde as nosas institucións; ademais, solicitará que a Política Agraria Común e a Política Común de Pesca sexan considerados elementos fundamentais da política de equilibrio territorial e cohesión e desenvolvemento sustentábel de Galiza.

O agro e gandaría son moi importantes para o noso Concello e tamén para a nosa Comarca, pero está en franco retroceso que é debido e cales son as solucións que propón o BNG?

Xa desde 1986, desde a entrada no que daquela se chamaba CEE, o agro galego experimentou sucesivos procesos de reconversión por mor das reformas da política agraria comunitaria e da penosa negociación política para o ingreso do Estado Español na CEE. Resultado: descenso alarmante da produción agraria en Galiza, descenso das persoas activas no agro galego, mantemento das rendas das persoas que se adican ao agro nos niveis máis baixo da Unión Europea, despoboamento rural, etc.

O BNG xa no seu momento rexeitou a reforma da Política Agraria Común, levada a cabo polo Consello de Ministros da Unión Europea, defendendo un modelo agrario alternativo, que potencia a agricultura e gandaría de xeito equilibrado, cun aproveitamento racional dos recursos endóxenos. Por iso, para o BNG é capital reivindicar unhas cotas de leite para Galiza acordadas coa súa produción, aplicar eficazmente o Leader e o Proder, freando de xeito radical as prácticas clientelares que tan ben se lle dan ao PP; tamén reivindicaremos a estabilidade dos prezos agrarios, fomentando o protagonismo das institucións reguladoras dos mercados agrarios.

Política Municipal

Suba da Contribución Para o BNG non hai máis solución que a aprobada polo Pleno da Corporación Municipal no mes de febreiro

Logo de recibido o dictame da Xerencia do Catastro onde se informaba de que este organismo non ía aplicar os coeficientes reductores, porque entende que o importe dos recibos estan correctos ao basearse na Ponencia de Valores, que foi asinada unilateralmente polo Alcalde Sr. Ramón Campos, polo que deixa en mans do Concello a redución dos tipos impositivos, é dicir, que o Concello, -e citamos textualmente o acordo plenario do 9 de febreiro-, **"Se a Xerencia do Catastro non aceptase aplicar os Coeficientes reductores, ou os mesmos non foran efectivos nos recibos do IBI de 2004, o Concello da Estrada aplicará as "medidas correctoras oportunas" equivalentes á aplicación dos coeficientes reductores ata a entrada en vigor da nova Ponencia de Valores Catastrais"**. Polo tanto, o concello ten que aplicar as medidas reductoras que palien a sobrevaloración catastral na cantidade que o Catastro se negou a aplicar, ou sexa, **unha redución do 40% nos recibos, resultante da aplicación dun coeficiente 0,6, de todos os inmóbeis do casco urbano**, unha vez que o estudo pericial demostrou que a sobrevaloración se estende a todas as rúas e polígonos.

Logo deste acordo plenario do 9 de febreiro, non entendemos por qué **o PP insiste en dubidar das sobrevaloracións xeralizadas no casco urbano**, poñendo en cuestión a fiabilidade do informe pericial elaborado por técnicos propios e externos, contrastado cos axente inmobiliarios e urbanísticos que operan na Estrada.

No BNG tampouco entendemos nen compartimos os temores do PP e o PSOE en solicitar unha nova Ponencia de Valores, única solución definitiva ao problema da contribución na Estrada, máxime cando quedou desmostrada a sobrevaloración xeneralizada. Hai que lembrar, ademais, que a nova Ponencia deberá ser un traballo consensuado por todas as partes e co consentimento último da Corporación Municipal, e non da irresponsábel sinatura do Alcalde,

como ocorre coa vixente Ponencia de Valores. O BNG interpreta este temor no caso do PP pola súa constante negación da sobrevaloración na Estrada, o cal o leva a non querer modificar a Ponencia actual para seguir mantendo o nivel de recadación de impostos, e no caso do PSOE, por non ter unha actitude decidida de confianza en cambiar as cousas e, por tanto, non crer no futuro.

O BNG quiere recuperar a cualidade piscícola do río Líañares

É de sobra coñecida a importancia que teñen os ecosistemas fluviais a todos os niveis (económico, social, ecolóxico...), tamén é coñecido o feito de que estes precisan contar, non só coa calidade de augas axeitada, senón tamén cunha vexetación asociada que estea nas mellores condicións e as actividades humanas producen, en moitos casos, a dexeneración (máis ou menos acusada) destes entornos; é entón cando cómpre unha actuación eficaz que corrixa os desperfectos a fin de que a calidade de vida dos habitantes dun determinado lugar non merme.



Os entornos aos que nos estamos a referir adquiren unha importancia especial cando se atopan nos arredores de áreas urbanas, importancia que vén dada polo uso que se lles asigna como zonas de lecer e pola dexeneración a que se ven sometidos, por ser na maioría dos casos, sumidoiros dos residuos da urbe.

No concello da Estrada, ademais, adquiren unha importancia especial por ser onde se practica unha actividade de fonda tradición, como é a pesca en auga doce. Actividade esta dunha gran importancia económica, tanto directamente como pola súa vertente de actividade intimamente ligada ao turismo de natureza.

Propaganda Electoral

No BNG pensamos que o Concello debe por en marcha, en colaboración coa S. D. Río Ulla, un plan para a recuperación da cualidade piscícola dos ríos Pinguenla, Rego da Ponte e Liñares (xunto cos afluentes que están sometidos a verquidos das depuradoras existentes), unha vez entre en funcionamento a nova depuradora, dado o deterioro actual dos mencionados cursos de auga.

O BNG propuxo eliminar a partida de gastos por Idemnizacións aos Concelleiros

Esta medida foi rexeitada polo PP e o PSOE

Estas indemnizacións son as percepcións que cobran individualmente os Concelleiros da corporación municipal por asistir a Plenos e Comisións, e o BNG propuxo eliminar esta partida dos orzamentos para o 2004, polo que presentou unha emenda na que, ademais de suprimir esta partida, uns 86.000 euros, propón reducir ou **suprimir as partidas para atencións protocolarias (15.000 euros), publicacións de órganos do goberno (7.000 euros), ata un total de 100.000 euros.** O BNG tamén suxiriu a necesidade de rebaixar os soldos do 1º e do 3º Tenente de Alcalde a "só" 30.000 euros anuais, o que permitiría un aforro de preto de 17.000 euros.

O BNG entende que só se deben financiar os gastos reais dos Grupos Municipais e a súas Oficinas Municipais de Atención á Cidadanía, e así o pon en práctica o BNG xa que os catro Concelleiros renuncian persoalmente a cobrar ditas asistencias, tanto a Plenos como a Comisións, reingresándoas directamente na actividade institucional e na atencións aos viciños e viciñas, xa que o BNG considera a dedicación política como unha prestación desinteresada a prol da cidadanía.

Breves

- O BNG solicita ao Concello que faga as xestións pertinentes perante a COTOP para o arranxo do firme da estrada que une a nosa vila coa cidade de Santiago, sobre todo o treito que vai até Ponte Veá, debido ao deterioro máis que evidente do firme.
- O BNG solicitou no Pleno do mes de Abril que o Concello repoña o firme do treito de conexión coa estrada a Cesures, no cruce de Balóira, xa que se

atopa nun estado lamentábel.

- O BNG solicita a creación dun Rexistro Municipal de Parellas de feito, tendo en conta que non existe lexislación autonómica ao respecto e que varias parellas se dirixiron ao Concello para ser inscritas nun rexistro tal e como existen en moitos concellos de Galiza e do Estado. A non existencia deste Rexistro supón, xa que logo, unha clara discriminación das persoas que no noso concello o solicitan, o cal lle pode repercutir moi negativamente nun futuro en aspectos como prestacións económicas, herdanzas, etc.
- O BNG solicita, nunha moción presentada no pleno do mes de Maio e que foi aprobada por unanimidade de todos os grupos, a elaboración dun Plano Municipal de Loita contra a Violencia Machista e pola Igualdade de Oportunidades, tal e como xa se recollera noutra moción aprobada o 25 de novembro pasado, Día Internacional da non Violencia contra as Mulleres, e que tamén foi aprobada por unanimidade.
- O BNG, **unha vez máis, solicitou a reparación da ponte do Tallo en Santo André de Veá**, que leva derrubada desde o temporais do ano 2000. Segundo parece, e en palabras do Sr. Somoza, Concelleiro de Rural, o tema está en mans de Augas de Galicia, pero mentras a ponte segue tirada, sen trazas dun arranxo inminente e o que é aínda peor, que os viciños e viciñas non a poden utilizar para ir ás súas leiras desde **hai máis de 3 anos.**
- O BNG solicitou no Pleno do mes de Marzo a elaboración dunha ordenanza que regule as instalacións do alumeadado do concello, tanto público como privado, co fin de aforrar consumo eléctrico e paliar a contaminación lumínica, seguindo os modelos redactados polo INEGA (Instituto Enerxético de Galiza) ou o IDAE (Instituto para a Diversificación e o aforro da Enerxía), dependente do Ministerio de Medio Ambiente.

Se desexas recibir máis información, escríbenos indicando os seguintes datos:

Nome e Apelidos: _____

Enderezo: _____

CP: _____ Localidade: _____

Bloque Nacionalista Galego de A Estrada
R/ Xusto Martínez, 12-1º - 36680 A Estrada
Teléfono: 986590002
Correo: estrada@bng-galiza.org
www.benega.info/aestrada